

XANEIRO – FEBREIRO

2023

Estimadas familias,

Queremos desexarvos unha moi boa entrada de ano e comezamos un novo trimestre cheo de proxectos, actividades, celebracións e traballo.



Celebraremos a Infancia Misioneira do 9 ao 14 de xaneiro.

O 25 de xaneiro, festexamos o día do Niño Jesús de Praga.

A finais de xaneiro a ESO visitará o Banco de Alimentos. Aproveitamos para agradecer ás familias a vosa colaboración nas campañas solidarias de Nadal.

O 3 de febreiro teremos o día da Paz e o día do Xaxún voluntario, día do bocata.

O 17 de febreiro será a festa do Entroido no centro.

As vacacións de Entroido serán os días 18, 19, 20, 21 e 22 de febreiro.



Continuamos cos nosos proxectos de reciclaxe e APS (aprendizaxe-servizo): papel, plástico, tapóns..., recreos residuos cero e desenvolvendo o noso obxectivo deste curso, A PAZ.

Durante este trimestre teredes información sobre os programas de inmersión lingüística de ESO e EP.

No mes de xaneiro, febreiro e marzo teremos as **xornadas de portas abertas** para coñecer o centro e saber como traballamos. Será do 25 de xaneiro ao 3 de marzo. O prazo de recollida de solicitudes de admisión é do 1 ao 20 de marzo.

Un saúdo.

A Dirección

